



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2010 09:40
Nº Rexistro: 20434
Data envío: 27/01/2010 09:40:46.481


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Teresa Táboas Veleiro, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao recorte no envío de libros, decidido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, destinados á aprendizaxe de galego en Venezuela.

Hai anos que a Xunta de Galiza ven facilitando libros de balde ao Colexio “Castelao” de Caracas, en Venezuela, para a impartición de aulas de lingua galega para nenas e nenos de primeiro a sexto grao.

Debido, parece ser, á cacarexada “política de austeridade”, este ano a Secretaría Xeral ven de comunicar que tan só facilitará un único libro por grao. É evidente que esta decisión imposibilita na práctica un aproveitamento racional do material didáctico.

É coherente esta decisión coa orientación política que o Goberno do Partido Popular está a desenvolver, de combate aberto con todo o que teña a ver coa lingua galega e a cultura da nosa nación. Só neste contexto é comprensíbel que no nome da crise económica se suprima a subministración de libros en galego. A crise económica, parece ser, non afecta a outros gastos ben inútiles, ou mesmo a accións desgaleguizadoras emprendidas pola mesma Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria. Para iso si que non hai crise.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2010 09:40
Nº Rexistro: 20434
Data envío: 27/01/2010 09:40:46.481

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Cal é o motivo real do drástico recorte no envío de libros para a impartición de aulas en galego no colexio “Castelao” de Caracas, en Venezuela?

2.^a) É consciente do impacto que supón esta decisión?

3.^a) Ten previsto, en consecuencia, modificala, e tornar ao que antes se facía, isto é, o envío de libros en función do número de alumnas e alumnos?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Teresa Táboas Veleiro

Deputado e deputada do GP. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/01/2010 9:33:48

Teresa Táboas Veleiro na data 27/01/2010 9:33:53